

# Informe-memoria de xestión

## **da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblemable 2018-2019**

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) de 2018, que tivo lugar o 3 de marzo en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as liñas de acción da asociación para o período interasemblemable 2018-2019.

O plan de acción aprobado era ambicioso e non se cumpriu na súa totalidade, mais desde a Xunta Directiva facemos unha valoración aceptable do nivel de cumprimento e dos obxectivos acadados. Desenvolvéronse as accións máis esperables da entidade (defensa de intereses dos/das traballadores/as de normalización da lingua, propostas para mellorar o traballo en lingua, formación, etc.) e as máis estabilizadas e que supuñan continuidade dos anos anteriores (encontros, colaboracións, LGx15, Agasallo etc.). Tamén se continuaron outras accións que aínda non chegaron a materializarse (un manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de TNL, que está en proceso de elaboración) e mesmo se iniciaron outras (a elaboración dunha proposta de temario para procesos selectivos e a creación dun premio a accións de normalización lingüística).

En definitiva, desenvolveuse unha actividade satisfactoria para, dentro das posibilidades e dos recursos materiais e humanos, procurar mellorar o discurso e o traballo a prol da lingua e a formación e as condicións das traballadoras e traballadores.



## Accións para o cumprimento dos fins da asociación

---

1. **Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e a dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos.** As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Difundíronse no web, a través do boletín e nas redes sociais as **convocatorias de prazas** de técnico/a de normalización lingüística que se publicaron durante o ano, así como as **convocatorias de subvencións** para a creación de SNL.
- Fixéronse **solicitudes e denuncias** na procura de mellorar as condicións laborais dos/das traballadores/as de normalización da lingua:
  - Ao inicio do ano, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, solicitouse á Xunta que aclarase as competencias en normalización lingüística das administracións locais. Isto tivo como resultado o texto publicado pola Dirección Xeral de Administración Local en maio de 2018: [Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia](#).
  - Maio de 2018: [solicitouse ao Concello de Vimianzo a continuación e estabilización do SNL](#), pois estaba vacante a pesar de que xa finalizara o proceso selectivo correspondente en febreiro. Recibiuse unha resposta negativa a esta solicitude.
  - Setembro de 2018: a CTNL fixo un pequeno [informe sobre a situación dos SNL nas administracións locais](#) para denunciar a inestabilidade laboral e reclamar máis implicación das institucións. Enviouse unha nota de prensa que foi publicada nos seguintes medios:
    - *Praza Pública*: <https://praza.gal/movements-sociais/apenas-1-de-cada-6-concellos-tenen-servizos-de-normalizacion-linguistica>
    - *Sermos Galiza*: <https://www.sermosgaliza.gal/articulo/lingua/25-anos-apos-aprobacion-da-lnl-maioria-concellos-carece-servizos-normalizacion-linguistica/20180917111500072107.html>
    - *Galicia Confidencial*: <http://www.galiciainconfidencial.com/noticia/78069-denuncian-maioria-concellos-carece-departamentos-normalizacion-linguistica>



- Outubro de 2018: [solicitouse ao Concello de Val do Dubra que non suprima o SNL](#), pois está previsto eliminalo coa aprobación da nova RPT. Aínda non recibimos resposta ás nosas alegacións.
- Decembro de 2018: ante a aprobación provisional das súas RPT, [solicitouse aos concellos de Outes e Arzúa que inclúan nese documento as prazas de TNL](#). Recibimos resposta negativa do Concello de Arzúa, motivada polo contido do informe asesor que elaborou a modificación puntual da RPT. Aínda non recibimos resposta do Concello de Outes.
- Xaneiro de 2019: [tamén lle solicitamos ao Concello de Oleiros a inclusión da praza de TNL na súa RPT](#), no seu Servizo de Cultura e Normalización Lingüística. Aínda non recibimos resposta á nosa solicitude.
- Xaneiro de 2019: solicitouse ao Concello da Estrada que continuase o proceso selectivo para cubrir a vacante de técnico de normalización lingüística tras oito meses de paralización. Esta solicitude non chegou a incluírse no web porque xusto nese momento se retomou o proceso.
- Febreiro de 2019: [solicitouse ao Concello de Nigrán que cubrise a ausencia da titular da praza de técnico/a de normalización lingüística](#). Aínda non recibimos resposta a esta solicitude.
- Fíxose seguimento das axudas convocadas polas deputacións provinciais en materia de normalización lingüística.

En maio de 2018 mantívose unha xuntanza coa Área de Cultura e Lingua da Deputación Provincial da Coruña co obxectivo mellorar a implicación dos/das técnicos/as da provincia no deseño das accións que desenvolve a Deputación para os concellos.

No caso da Provincia de Pontevedra, logo das xuntanzas a finais de 2017 e inicios do 2018, a CTNL participou na [IV Xornada de Normalización Lingüística](#) que organiza anualmente a institución para presentar as axudas para os concellos. Na intervención deste ano a CTNL falou da necesidade dos SNL para desenvolver proxectos, exemplificando co Club de Debate e Youtubeiras e Youtubeiros.

- Durante o mes de outubro de 2018 dirixímonos aos grupos parlamentarios do Parlamento Galego para solicitarlles unha xuntanza co fin de informalos sobre a **recentralización de servizos**, con especial referencia á Base de Datos



Nacional de Subvencións e outras plataformas centralizadas que están a repercutir nun retroceso do traballo en galego nas administracións locais e na Administración autonómica. Anexamos coas solicitudes de xuntanzas un [informe onde explicabamos os efectos destas plataformas no traballo cotián das administracións e no uso da lingua.](#)

Tivemos resposta do BNG e do PSdG e xuntanzas con Olalla Rodil e con Concepción Burgo López. O BNG respondeu que trataría o tema na executiva e que presentaría preguntas e interpelacións parlamentarias. O PSdG indicou que lles transmitiría esta cuestión aos deputados galegos do Congreso dos Deputados.

- Continuouse o traballo para elaborar un **manual de boas prácticas para a convocatoria de prazas de TNL**, que incluírá os contidos e características que deben ter as convocatorias, recomendacións, etc. Este traballo está en fase de elaboración: encargóuselle a Marcos Almeida Cerredá, profesor de Dereito Administrativo da USC, e agora, por proposta del, está a finalizalo Andrea Garrido, tamén profesora contratada doutora da USC especialista en emprego público.
- Iniciouse un grupo de traballo para elaborar unha **proposta de temario actualizada para procesos selectivos de técnico/a de normalización lingüística**, o máis axustado posible ás funcións dos SNL e ás tarefas que se deben desenvolver.

## **2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística**

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización dalgún curso organizado directamente pola CTNL. Escolleuse, polo seu interese, un sobre avaliación de competencias lingüísticas para técnicos/as de normalización lingüística. A pesar de que se intentou realizar antes de acabar o ano 2018, por problemas de organización adiouse a febreiro-marzo de 2019:



- **Curso sobre avaliación de competencias lingüísticas para técnicos/as de normalización lingüística**
  - Datas: 22 de febreiro e 7 de marzo de 2019 (9 horas presenciais)
  - Seis horas de traballo na casa entre as dúas datas das sesións presenciais
  - Duración total: 15 horas
  - Lugar das sesións presenciais: Santiago de Compostela (Facultade de Filoloxía)
  - Participación: 21 alumnos/as
  - Docente: **Manuel Núñez Singala**, sociolingüista, escritor e técnico de normalización lingüística. É director do Servizo de Normalización Lingüística da USC e responsable da súa Área de Formación. Formou parte do grupo de traballo que deseñou os niveis de competencia en lingua galega adaptados ao Marco común de referencia para as linguas. Na actualidade, é membro do Grupo de Traballo dos Certificados de Lingua Galega (Celga), equipo que se encarga de elaborar os exames para obter estes certificados.
  - Valoración: esta actividade formativa estase desenvolvendo e aínda non foi valorada.

## ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaboración cos **XX Encontros para a normalización lingüística. Paso a paso. Man con man. Deporte e lingua**
  - Lugar e datas: Pazo de Raxoi, Santiago de Compostela, 12 e 13 de abril de 2018
  - Organizou: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG) do Consello da Cultura Galega
  - Colaborou: Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Colaboración co **Curso de verán Traballando na calidade da lingua**
  - Lugar e datas: Fórum Carballo, Carballo, 18 e 19 de xullo de 2018
  - Organizaron: Servizo de Normalización Lingüística e Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria da Universidade da Coruña
  - Colaboraron: Concello de Carballo e Secretaría Xeral de Política Lingüística



- Participación nas [I Jornades d'Intercanvi d'Experiències Lingüístiques "La llengua fa poble"](#)
  - Lugar e datas: ADEIT, Valencia, 25 e 26 de febreiro de 2019
  - Organizou: Unitat de Normalització Lingüística da Diputació de València
  - A CTNL participou como convidada para presentar os proxectos Agasallo e LGx15. Ideas para o futuro da lingua. Desde Galicia tamén participaron Soco García Conde, do Concello de Santiago de Compostela, para presentar o programa Apego, e Bernardo Penabade para falar do Modelo Burela. Houbo representación do Consell de Mallorca, da propia Unitat de Normalització Lingüística da Diputació de València, do Ayuntamiento de Xixón, de Maruri-Jatabeko Udala, do Ajuntament de Manacor, do Consorci per a la Normalització Lingüística e da Agència AVIVA de Burjassot.

## TRANSMISIÓNS DE IDEAS E FOMENTO DO GALEGO

- **LGx15. Ideas para o futuro da lingua**

<http://lgx15.gal>

Experiencias, argumentos, opinións, propostas, palabras, reflexións... Ideas!

En novembro pasado desenvolveuse a cuarta edición do [LGx15. Ideas para o futuro da lingua](#), o proxecto creado en 2015 co fin de compilar e difundir ideas, reflexións e experiencias que poden influír nas actitudes e na conciencia lingüística e no futuro do galego.

Nesta edición, para termos máis propostas de participantes, solicitouse que as persoas propuxesen candidatos/as. O prazo para presentar propostas foi desde o 30 de marzo ao 22 de maio.

No demais, o evento mantívose similar ás edicións anteriores. Interviñeron diversas persoas para transmitir, dun xeito breve, claro e visual –a través de charlas dun máximo de 15 minutos–, ideas e reflexións para influír no uso e



prestixio do galego e/ou nas actitudes e comportamentos lingüísticos. Alén disto, houbo música e humor, o que o converteu nun acto festivo e divertido.

Todo o espectáculo foi gravado en vídeo e as diferentes charlas foron difundidas individualmente pola rede o pasado mes de xaneiro, coa finalidade de darlles a esas ideas a maior difusión posible.

- Charlas de 2018: Javier Balea, Eira Losada, Mercé Barrientos, Manolo Maseda, Inma Gil Rosendo, Xema Varela, Ruth Caramés e Aquel-e
- Presentación e condución do acto: as regueifeiras Alba María e Lupe Blanco
- Actuación musical: Brais Morán
- Data: xoves 15 de novembro de 2018
- Lugar: Sala Capitol de Santiago de Compostela
- Asistencia: aprox. 160 persoas
- Valoración: moi positiva en relación co desenvolvemento do acto. As charlas e actuacións foron moi ben valoradas. O número de asistentes foi un pouco menor ca os dous anos anteriores.

- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego ([www.agasallo.eu](http://www.agasallo.eu))**

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu ([www.agasallo.eu](http://www.agasallo.eu)), para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, etc., para dar a coñecer e visibilizar creacións de diverso tipo que usan a lingua galega e para incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participaren nela, pouco a pouco foi medrando o número de participantes e a cantidade e variedade de propostas que contén. En 2015 decidimos que a participación por parte das empresas comezase a ser gratuíta, a cambio da doazón dalgúns artigos para facer sorteos que permitan unha maior difusión da plataforma a través das redes sociais. Por outra parte, a



partir deste ano pasou a ser a directiva da CTNL a encargada de incluír os produtos na plataforma e darlles difusión a través das redes sociais.

Na actualidade a plataforma contén arredor de 900 propostas diferentes dunhas 99 empresas distintas.

- **Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego**

Traballouse durante o ano na creación dun premio a accións, programas, proxectos, etc., que se desenvolvan desde SNL, ENDL, asociacións, entidades, empresas, etc., e que teñan como obxectivo a normalización lingüística. Decidíronse as bases, o nome, a imaxe e a creación dun web, que se contratou á empresa Abertal. Na actualidade o web está en fase de probas, para comprobar que todo funciona correctamente.

Este premio procurará ser un recoñecemento ao traballo ben feito, dar unha imaxe positiva, supor un aval para as accións que se valoren, marcar modelos de accións e difundir o traballo que se realiza a prol da lingua galega.

A pesar de que se intentou desenvolver o proxecto durante o ano 2018, e mesmo se pediu unha axuda á Deputación Provincial de Pontevedra, non foi posible finalizar o traballo co ano. Esperamos convocar o premio tan pronto estea dispoñible o web e resolver a primeira convocatoria esta primavera.

## **Accións organizativas e de comunicación**

---

- Mantívose a cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a





persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momentos a CTNL forma parte de:

- Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG)
- Consello Municipal da Lingua do Concello de Vigo (froito da fusión entre o Consello Social da Lingua e a Comisión Cidadá de Normalización Lingüística, da cal formaba parte a CTNL)
- Plataforma Queremos Galego
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas, etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras, que incluíu unha actividade formativa e o LGx15, aínda que finalmente só se executou en prazo o LGx15.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:
  - **Web:** mantívose actualizado o web, onde se anunciaron convocatorias de prazas e axudas, campañas, formación, etc.
  - **Boletín electrónico:** para mandar o boletín continúa a empregarse a **plataforma en liña MailChimp**, que permite o envío a un número grande de enderezos electrónicos e mesmo facer un seguimento das mensaxes abertas, que non chegan aos enderezos de destino, etc. Durante o período interasamblear enviáronse 25 boletíns.
  - Mantívose certa presenza da CTNL en **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Sermos Galiza, Praza Pública e Galicia Confidencial*), que recolleron, en xeral, a información que se lles trasladou sobre accións, campañas, posicionamentos, etc.
  - Continuou a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das páxinas e perfís de accións e campañas concretas, como Gústame o galego, Agasalho.eu, Como cho digo ;- ) ou LGx15. Algunhas cifras das redes sociais (actualizadas o 28 de febreiro de 2019):
    - Seguidores/as FB CTNL: 4926 (+45)
    - Seguidores/as Twitter CTNL: 3938 (+269)
    - Seguidores/as FB Agasalho.eu: 4428 (+78)
    - Seguidores/as Twitter Agasalho.eu: 1737 (+243)
    - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15 333 (-252)



*ctnl*  
Coordinadora de Traballadores/as  
de Normalización da Lingua

CIF: G-15542897  
Apdo. 170 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.gal / www.ctnl.gal

- Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 6316 (-48)
- Seguidores/as FB Como cho digo ;-): 4419 (-83)
- Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 1864 (+69)
- Seguidores/as FB LGx15: 1820 (+295)

Anxos Sobriño Pérez, presidenta da CTNL  
Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019